



## **BANCO PASTOR CRECE TANTO EN CRÉDITOS COMA EN DEPÓSITOS E GAÑA 61,5 MILLÓNS DE EUROS**

- Os recursos de clientes crecen un 11,7%.
- O investimento crediticio crece un 6,2%.
- Clientes: 36.000 novos clientes particulares e 6.200 novas empresas.

**A Coruña, 30 de xullo de 2010.** - A presentación de resultados mostra, entre outras cousas, a actividade comercial dunha entidade e Banco Pastor exhibe crecementos tanto en depósitos coma en créditos no que se está a confirmar como o peor ano da crise. A entidade logrou un beneficio neto atribuído de 61,5 millóns de euros entre xaneiro e xuño de 2010, un 25% menos debido aos extraordinarios que se contabilizaron en 2009.

En canto a solvencia, aspecto fundamental tras as probas de resistencia dos supervisores europeos, o Pastor mellorou as súas ratios; en concreto o Tier 1 posiciónase neste primeiro semestre nun 10,43% e o Core Capital nun 8,31% e mellora, así, en 43 puntos básicos e en 90 puntos básicos, respectivamente, os de xuño de 2009.

O presidente de Banco Pastor, José María Arias, coincidiu cos seus homólogos ao sinalar a importancia e oportunidade das recentes probas de estrés da banca europea, "que non deberían cuestionarse aínda que, – afirmou – estou convencido, como case todos, que especialmente o terceiro escenario formulado é totalmente improbable, xa que proxecta un suposto macroeconómico de cataclismo para España. Aínda así, superamos todos os supostos presentados polos supervisores europeos".

Para o conselleiro delegado de Banco Pastor, Jorge Gost, "o peor pasará, cremos, con este ano, aínda que a situación seguirá sendo delicada en 2011, polo menos ata que non vexamos unha clara recuperación da demanda interna e maior pulo das exportacións". Sobre o Pastor dixo que "estamos a poñer o noso gran de area, como mostra, por exemplo, o noso crecemento de máis do 21% en hipotecas ou do 59% en préstamos ICO a empresas". Efectivamente, Banco Pastor captou máis de 36.000 novos clientes particulares e 6.200 novas empresas.

A morosidade de Banco Pastor mostra a mesma tendencia practicamente plana dos últimos trimestres. Así o índice a xuño de 2010 sitúase por debaixo da media do sector, nun 5,04%, soamente 40 puntos básicos máis que un ano antes e só 16 puntos básicos respecto a decembro. A cobertura mantense tamén en porcentaxes similares ao ano anterior, do 113% e do 51% se, respectivamente, se consideran ou non as garantías reais asociadas. Por outro lado, o total de fondos de cobertura de risco



creceu en 99 millóns de euros e pasouse dos 738 millóns en xuño de 2009 aos 837 millóns en xuño de 2010, deles máis de 125 son preventivos e máis de 180 son de provisión xenérica.

Ademais, Banco Pastor volveu "bater o seu máximo histórico en liquidez" asegurou Gost. Así, en xuño de 2010, engadiu, "xa cubrimos o 74,5% dos nosos créditos a clientes cos depósitos tradicionais, taxa superior ao 71,6% de hai un ano e que nos posiciona cunha clara vantaxe competitiva no sector". Banco Pastor conta tamén cunha primeira liña de liquidez de 1.700 millóns.

**Cuenta de Resultados Consolidada (Circular 6/2008)**

Cifras en miles de €	Jun.10	Jun.09	Variación	
			Absoluta	%
<b>=MARGEN DE INTERESES</b>	<b>261.722</b>	<b>273.157</b>	<b>(11.435)</b>	<b>(4,2)%</b>
(+) Rendimiento de instrumentos de capital	3.267	1.758	1.509	85,8%
<b>=MARGEN DE INTERMEDIACION</b>	<b>264.989</b>	<b>274.915</b>	<b>(9.926)</b>	<b>(3,6)%</b>
(+/-) Resultado enti. valoradas mét. participación	556	142	414	NA
(+) Comisiones netas	69.969	82.073	(12.104)	(14,7)%
(+/-) ROF + Otros resultados	76.874	314.613	(237.739)	(75,6)%
(-) Gastos de administración + Amortización	189.241	180.493	8.748	4,8%
(-) Pérdidas por deterioro de activos y Dotaciones a Provisiones	119.834	384.509	(264.675)	(68,8)%
<b>= RDO ACTIVIDAD DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>103.313</b>	<b>106.741</b>	<b>(3.428)</b>	<b>(3,2)%</b>
(+/-) Otros resultados netos	(16.681)	9.436	(26.117)	NA
<b>= RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS</b>	<b>86.632</b>	<b>116.176</b>	<b>(29.544)</b>	<b>(25,4)%</b>
<b>= RESULTADO ATRIBUIDO ENTIDAD DOMINANTE</b>	<b>61.532</b>	<b>82.050</b>	<b>(20.518)</b>	<b>(25,0)%</b>

**PULO COMERCIAL: RECURSOS E CRÉDITOS**

Como xa se avanzou, Banco Pastor presenta tamén melloras no negocio comercial. Os depósitos de clientes susceptibles de investimento alcanzan a cifra de 15.267 millóns de euros, 1.601 millóns por riba da cifra de xuño de 2009, o que en termos relativos representa un crecemento do 11,7%. Deste crecemento, un 69%, 1.101 millóns de euros, concentrouse nos seis primeiros meses do ano.

Paralelamente ao comportamento dos depósitos, os créditos a clientes, especialmente nalgúns produtos, tamén manifestan un singular desenvolvemento. No seu conxunto, o investimento crediticio neto crece, respecto a xuño 2009, un 6,2%.

Ante un escenario moito máis adverso do esperado, a marxe de xuros decrece unicamente un 4,2%, "algo previsto –sinalou Gost– debido ao curso da economía española e aos baixos xuros, pero que non nos



preocupa porque temos un sólido crecemento en préstamos e recursos, que é o máis importante á hora de estar preto dos clientes e principal obxectivo de Banco Pastor a longo prazo".

Pastor logrou practicamente conter os custos estruturais ao crecer só un 4,8% na primeira metade do ano, malia os gastos que ocasiona o alugamento dunha parte da rede de oficinas, vendida o pasado exercicio en réxime de "sale&lease back".

A ratio de eficiencia situouse no 41,54%, á cabeza de Europa, cuxa ratio se atopa no 57%.

Na estrutura de produtos, cabe destacar de xeito relevante o crecemento das imposicións a prazo do sector residente. Representan o 57% do total depósitos e achegan o 71% do crecemento global, xa que os seus saldos se viron incrementados en 1.135 millóns de euros, un 14,9% respecto a xuño de 2009 e o crecemento semestral é de 818 millóns.

Ademais dos depósitos de balance, o aforro de clientes canalizouse tamén cara a outras modalidades de produtos como son os fondos de investimento e os de pensións. Ambos os dous presentan tamén significativos crecementos interanuais, un 8,4% os primeiros e un 7,7% os de pensións.

Os préstamos hipotecarios vivenda mostran un incremento de 1.334 millóns de euros. O conselleiro delegado de Banco Pastor mostrouse moi satisfeito por esta evolución, sinalando que aínda é máis rechamante observar a evolución do número de operacións, xa que "en só este primeiro semestre do ano se concederon 6.759 préstamos, é dicir, máis do dobre que no mesmo período do ano anterior, en concreto, 3.987 máis, acelerando mesmo o ritmo mantido no segundo semestre de 009".

Aínda que a demanda interna non se recuperou aínda, o número de préstamos ao consumo do semestre elevouse a 7.739, isto é, un 32,2% por riba das rexistradas nos seis primeiros meses de 2009.